

Xustificación

A Lei Orgánica de Educación (LOE) establece no artigo 113 que as bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos.

A Unesco e a Federación Internacional de Asociacións e Institucións Bibliotecarias (IFLA) no seu manifesto sobre bibliotecas escolares declaran:

“A biblioteca escolar proporciona información e ideas que son fundamentais para desenvolverse con éxito na nosa sociedade contemporánea, baseada na información e o coñecemento. Proporciona aos alumnos competencias para a aprendizaxe ao longo de toda a súa vida e contribúe a desenvolver a súa imaxinación, permitíndolles que se conduzan na vida como cidadáns responsables.”

Ata este momento viñemos desenvolvendo un labor de dinamización da biblioteca cos obxectivos de conseguir un lugar cómodo, asequible e agradable; de facela presente no centro e conseguir que fora unha parte importante da nosa vida escolar.

Presentamos este proxecto coa intención de avanzar na consecución do obxectivo que nos resulta primordial: a biblioteca debe ser o lugar de aprendizaxe no que alumnos e profesores teñan ao seu alcance unha gran diversidade de recursos educativos e poidan pór en práctica unha metodoloxía activa e participativa que favoreza a autonomía e a responsabilidade dos alumnos na súa aprendizaxe; a principal razón de ser da biblioteca escolar é a de apoiar a totalidade do currículo. A utilización da biblioteca escolar está plenamente integrada no proceso pedagóxico do centro e é o lugar idóneo para a formación dos escolares no uso das diversas fontes de información e para fomentar a lectura como medio de entretemento e lecer.

Para nós é moi importante pertencer á rede de centros adscritos ao PLAMBE polas oportunidades de apoio, asesoramento e intercambio de experiencias que supón.

A axuda que nos prestaría o formar parte dos centros adscritos aos PLAMBE permitiría dar un importante pulo á presenza da biblioteca no centro, tendo en conta, ademais, que para a maior parte do noso alumnado é a biblioteca pública á que mellor poden acceder.

A biblioteca escolar xoga un papel moi relevante na vida escolar polas súas posibilidades pedagóxicas:

- A biblioteca escolar potencia a democratización dos medios e materiais de aprendizaxe, porque os pon a disposición de todas as persoas que acoden a ela.

- É compensadora de desigualdades, posto que proporciona a nenos e nenas de familias desfavorecidas recursos dos que carecen na súa casa.
- É un espazo civilizador porque ofrece un ambiente relaxado, de reflexión e aprendizaxe.
- É tamén un lugar para practicar a cooperación, onde nenos e nenas comparten tempos, traballos e lecturas con outros colegas.
- É potenciadora do hábito lector.
- Posibilita o acceso a fontes diversificadas de información: libros, revistas, prensa, publicacións alternativas, vídeos, CD-ROM, internet, etc.
- Pode ser depositaria da memoria impresa do centro escolar se nela se gardan todas as publicacións que se fan no colexio.
- É un espazo inesgotable de aprendizaxe se o usuario aproveita todo o seu potencial.

CONTEXTO

O colexio Vales Villamarín está situado en Betanzos (A Coruña), escolariza a nenos e nenas de Betanzos e de dous municipios adxacentes: Coirós e Paderne, cunha matrícula total de 946 alumnos de educación infantil e primaria. Conta con 14 unidades de Educación Infantil (EI) e 28 de Educación Primaria (EP) cunha ratio media próxima a 25 alumnos por aula. O claustro está formado por 65 profesores, traballan tamén no centro dous conserxes, unha administrativo e unha coidadora.

Contamos cunha ANPA que colabora activamente coa actividade escolar do centro.

O alumnado procede maioritariamente do centro urbano de Betanzos e pertence a todos os ámbitos sociais posto que é o único colexio público do concello.

O horario de clase establecido vai das 9 da mañá ás 14 h da tarde, cun período de recreo de 35 minutos. Todas as tardes, de 16 a 18 h, dispón de actividades extraescolares adicadas ao deporte, ao baile, á informática, á música e ao teatro, atendidas por monitores especializados.

Nos concellos de Coirós e Paderne existen sendas bibliotecas municipais situadas nos núcleos centrais. No concello de Betanzos hai unha soa biblioteca municipal, con pouca presenza da parte infantil e xuvenil. Está executándose a obra que levará a contar cunha biblioteca infantil e xuvenil nun futuro próximo e estanse pondo as bases dunha futura colaboración coa axuda de varias concellarías e colectivos de animación á lectura nos que participan membros do equipo encargado da biblioteca.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A biblioteca do centro está situada na segunda planta da á esquerda do centro, nunha sala duns 100 m². Debido a que non está nun lugar céntrico e facilmente visible estamos intentando buscar outro local onde albergala. Para compensar a súa localización extrema colocamos en todos os corredores e escaleiras rótulos sinalizadores que indican a súa localización e recordan a súa presenza. Poden acceder a ela as persoas minusválidas porque o centro conta con ascensores.

Dende o ano 1997 véñense facendo labores de mellora e adecuación tanto nas instalacións coma nos fondos. A partires do curso 2003/2004 déuselle un importante impulso coa súa informatización e posterior dinamización. Durante este curso estamos a realizar unha importante remodelación da sala, que supón a reubicación de fondos e mobiliario, a renovación de parte dos andeis e a creación de rincóns (información, lectura informal, rincón do cómic, almacén, ...).

Contamos co apoio total do equipo directivo, que nos últimos cursos conseguiu organizar os horarios do centro de maneira que se poden dedicar horas á atención da biblioteca, asignoulle unha parte importante do presuposto e alentou en todo momento o noso labor, compartindo co equipo encargado da biblioteca a idea de que o papel desta debe ser o de centro de recursos e lugar de aprendizaxe no que alumnos e profesores teñen ao seu alcance unha gran diversidade de recursos educativos; de feito unha das membros do noso equipo é a xefa de estudos. Contamos tamén coa colaboración e o apoio do claustro e da ANPA. O concello de Betanzos axuda na realización dalgunhas das obras que son necesarias.

Nestes momentos rexistramos as seguintes necesidades en canto a equipamento e colección:

- Adecuación da instalación eléctrica que nos permita dispor de máis conexións para os aparellos e de puntos de luz directa nos diferentes rincóns.
- Renovación de mesas e cadeiras para que se adapten ás idades dos lectores e permitan unha maior flexibilización á hora da realización de diferentes actividades.
- Un mostrador onde facer doadamente o traballo de tratamento e préstamo.
- Pintado das paredes da sala.
- Actualización de fondos relacionados con literatura clásica infantil e xuvenil, xa que apreciamos un interés crecente por estas obras e un considerable deterioro do material existente.
- Actualización dos materiais de carácter informativo en soporte impreso, audiovisual e electrónico.
- Adquisición de máis fondos relacionados coa atención á diversidade: materiais destinados a alumnos con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, altas capacidades, alumnos inmigrantes; e materiais destinados a que a comunidade educativa coñeza a diversidade na que nos desenvolvemos.

- Aumentar o número de ordenadores a disposición do alumnado, posto que a demanda de acceso a internet é cada vez maior.

Proxecto de actuación para o curso 2012-2013

OBXECTIVOS

- Conseguir que o alumnado alcance, paulatinamente, o gusto pola lectura que o achegue aos libros por iniciativa propia.
- Axudar ao alumnado no proceso de aprender a informarse, aprender e pensar. Fomentar o uso da biblioteca como medio para obter información en diferentes soportes.
- Fomentar o uso das TIC de forma segura e efectiva.
- Fomentar a reflexión e o espírito crítico que os conduzan a unha necesaria autonomía.
- Propiciar a análise e a valoración positiva da diversidade da comunidade educativa, tanto a relacionada coas capacidades coma coa orixe de cada un.
- Compensar as desigualdades que poden derivarse do entorno social e cultural do alumnado.
- Asesorar ao profesorado en materias de animación á lectura e educación documental.

ORGANIZACIÓN

O equipo encargado da biblioteca está integrado polas seguintes persoas:

Bello Flores, M^a Carmen (dinamizadora)

Cerredelo Cerredelo, Serafín

García Núñez, M^a Enriqueta

Iglesias Lendoiro, M^a José

Martínez Duarte, M^a Luísa

Pena Videla, M^a Josefa

Vázquez Rodríguez, M^a Pilar

As horas totais de atención á biblioteca cífranse en 31, distribuídas deste xeito: 7 horas a dinamizadora e 4 cada un dos outros membros, ademais das gardas de recreos que realizamos en quendas de dúas persoas.

O servizo de préstamos e lectura libre funcionará durante os recreos, atendido por dous profesores e o grupo de alumnos axudantes.

Ao igual que os últimos cursos permanecerá aberta ao longo de todo o horario de clase, contando na maioría das horas coa presenza dun membro do equipo responsable. Os grupos acoden acompañados dos seus mestres e reciben a axuda e orientación que requiren por parte do profesor encargado. Previamente deben anotarse na quenda colocada na porta da sala, co obxectivo de non interferir uns

no traballo dos outros. Tamén poden facer uso da instalación grupos de alumnos enviados polo profesor correspondente cun cometido concreto e que serán atendidos polo responsable da biblioteca que estea nese momento, previa coordinación entre os mestres.

Preténdese implicar ao alumnado na organización da biblioteca, nomeando un grupo de colaboradores entre os nenos e nenas que se ofrezan voluntariamente.

Os fondos e os préstamos xestionaranse co programa MEIGA, unha vez rematado o proceso de cambio dende o ABIES.

Contaremos con paneis de información en todos os corredores dos diferentes andares para estender a presenza da biblioteca a todos os lugares do centro.

O equipo reunirse de forma fixa unha vez ao mes, os primeiros martes, e as veces que sexa necesario para a organización de actividades. A coordinación co resto do profesorado farase a través das reunións da CCP, de ciclos e de claustro. Así mesmo estarán en contacto os coordinadores dos diferentes equipos: TIC, dinamización da lingua, AECE, orientación.

Está aprobado un orzamento para a biblioteca cuxo importe é do 10% da dotación que recibe o colexio para gastos de mantemento, esta cifra viuse incrementada sempre nos últimos cursos, aínda que este ano so conseguiu verse mantida debido aos axustes experimentados en todas as áreas, supón 5.616 € e é destinado á renovación de fondos, de mobiliario, de equipos informáticos e á organización de actividades. As inversións seguirán os criterios establecidos no plan, para a adquisición de fondos teranse en conta as solicitudes e suxerencias da comunidade educativa.

ACTUACIONES PREVISTAS

1. Xestión técnica e organización

1º trimestre

Dar a coñecer o plan de mellora ao profesorado, especialmente ao que se incorpora ao centro, repartindo copias e celebrando reunións de claustro.

Revisar os resultados das enquisas realizadas en xuño de 2012 entre a comunidade educativa acerca das expectativas que teñen sobre o papel da biblioteca e as suxerencias aportadas.

Actualizar as listas de lectores.

Imprimir e entregar os carnés de lectores a alumnado e profesorado.

Revisar e repartir entre a comunidade educativa a guía de uso da biblioteca xa elaborada.

Constituír a comisión da biblioteca dentro do Consello Escolar .

Renovación da instalación eléctrica. **P**intado da sala e renovación do mobiliario.

2º trimestre

Revisar, actualizar e dar a coñecer todo o material didáctico existente no centro de maneira que a biblioteca se converta no centro de recursos. Preténdese que todo o material didáctico estea rexistrado na biblioteca, aínda que para facilitar o seu uso se ubique fisicamente noutras salas.

Mercar novos ordenadores para ser usados por parte do alumnado, neste momento dispoñen de dous con conexión a internet e unha impresora, aparte do equipo de xestión.

Elaborar o presuposto para o curso seguinte.

Durante todo o curso

Repoñer libros deteriorados, ben mercando novos exemplares ou arranxando os existentes no taller denominado *Hospital de libros*, do que se encargarán os alumnos colaboradores e un dos membros do equipo.

Rrealizar o expurgo necesario. Os libros descártanse segundo os criterios xa elaborados e poden ser retirados ao almacén, enviados a outras institucións ou reciclados.

Adquirir novidades de literatura infantil e xuvenil (LIX) e de materiais informativos en diferentes soportes, seguindo os criterios de igualdade entre os idiomas, chegar ao 60% de materiais informativos, necesidades requiridas polo desenvolvemento das actividades, atención ás NEE.

Adquirir xogos educativos en CD-ROM.

Revisar e renovar as subscrición ás diferentes revistas.

2. Dinamización

FORMACIÓN DE USUARIOS

1º trimestre

Presentación da biblioteca:

Os alumnos que a utilizan de forma autónoma por vez primeira aprenden a localización da biblioteca, a organización dos fondos e os diversos rincóns, as normas e o seu funcionamento, a través de xogos interactivos e actividades de busca de libros que se realizan na sala dirixidos pola dinamizadora da biblioteca.

Creación dun grupo de apoio entre o alumnado voluntario. Formación dos seus membros encamiñada a que coñezan as súas funcións e realicen a súa tarefa de xeito eficaz.

2º trimestre

- P**osibilitar que alumnos e profesores consulten de forma autónoma o catálogo de fondos:
Realizar actividades de formación de usuarios que permitan a toda a comunidade educativa o coñecemento das ferramentas que o Proxecto Meiga pon ao seu alcance.
- P**ublicitar este servizo mediante carteis e a través da blog da biblioteca.
- P**resentación das reformas á comunidade educativa.

Durante todo o curso

- R**realización, unha vez por trimestre, de actividades de formación de usuarios, tratando os seguintes temas:
- reforzo sobre o uso e o funcionamento da biblioteca, tratado na sesión de presentación,
 - busca, tratamento e reelaboración da información,
 - avaliación de páxinas web.
- C**oncienciación do alumnado sobre a necesidade de protexer os datos persoais e dunha navegación segura en internet. Esta actividade será complementaria á realizada ao longo dos últimos dous cursos polo grupo de TIC e a ANPA.
- C**olocar carteis que recollan as normas básicas e informacións de cómo navegar seguro por internet, como avaliar páxinas web, como tratar a información.

FOMENTO DA LECTURA. APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

1º trimestre

- D**ar a coñecer o Proxecto Lector do centro ao profesorado que se incorpora no novo curso.
- D**ar a coñecer ás familias un folleto que indica como colaborar no fomento do hábito lector desde a casa.
- C**elebración do Día Internacional da Biblioteca Escolar.
- E**xposición de libros que tratan o tema do medo, co gallo da celebración do Samaín.

2º/ 3º trimestres

Cine e literatura.

Trátase de despertar o interese polos libros a través do cine e viceversa, de maneira que coñezan as diferentes linguaxes que se poden empregar para transmitir unha historia ou documento. Este curso centraremos as preferencias naquelas obras que incidan dun xeito especial na diversidade e na convivencia, obxectivo do Proxecto documental integrado.

Seguimento e análise do desenvolvemento do Proxecto Lector nas reunións dos ciclos.

3º trimestre

Celebración do Día do Libro.

Organizar unha exposición de obras de escritores e ilustradores que traballan e viven no entorno de Betanzos, acompañada por encontros con ditos autores.

Avaliación do desenvolvemento do Proxecto Lector a través de enquisas destinadas a toda a comunidade educativa.

Axudar ao equipo de dinamización da lingua na organización das actividades coas que o centro conmemora o Día das Letras Galegas.

Colaborar na edición da revista anual *O Xornaliño*, que coordina o equipo de dinamización da lingua.

Durante todo o curso

Caixa viaxeira.

Para facilitar a lectura no momento do día destinado a este fin (establecido no Proxecto lector ao comezo da mañá) facemos que circulen polas aulas lotes de libros da biblioteca, cada lote é elixido en conxunto polos responsables da biblioteca e os titores e colocados nunha caixa bonita que dea a idea de agasallo e un aire de certo misterio. Procuramos ofrecer aos lectores títulos aos que seguramente non se acercarían por si mesmos. Van acompañados dun informe sobre actividades de animación e promoción da lectura que poden realizar na sesión semanal que establece o Proxecto Lector. Os lotes cámbianse cada certo tempo, en función das necesidades de cada grupo.

Xestionar diante de editoriais e outras institucións a realización de diferentes actos de animación á lectura.

Organizar un xogo de *busca de textos escondidos* en obras de LIX.

Organizar un *xogo de pistas* para atopar nomes de autores.

Colaborar na organización dos xogos ou concursos que o alumnado propoña a través do buzón de suxerencias.

Publicar as preferencias do alumnado en canto á lectura, co fin de que sirvan ademais de motivación para os compañeiros:

- Enviar ao xornal local *Betanzos e a súa comarca* recomendacións de libros, que se publican dentro da súa sección de lecturas,
- publicalas no blog da biblioteca,
- exposición dos libros recomendados por nenos e nenas no recuncho da biblioteca habilitado para este fin,
- elaboración do *Libro dos libros*, onde se recollen as fichas dos libros preferidos polo alumnado,
- *Libros con pegada/Libros con corazón*: nenos e nenas escriben, dentro dun corazón ou dun pé, o título e o autor do libro que lles gustou dunha forma especial e colócano na parte do colexio que queiran.

Ler aos amigos e compañeiros.

Durante o recreo, dous días á semana, desenvolvemos unha actividade de lectura en voz alta, na que nenos e nenas (preferentemente en grupo) len un texto a compañeiros e amigos que eles invitan. O texto escólleno eles, incluso pode ser da súa autoría, asesorados polos titores e/ou os responsables da biblioteca, que tamén os orientan en canto á entoación, vocalización de forma que se convertan en bos narradores/lectores. Poden preparar unha curta representación do texto. Esta actividade é gravada en vídeo e entrégase unha copia da gravación a cada participante.

Seguir colaborando coas asociacións culturais da localidade na organización de actividades nas que participe o noso alumnado.

DIFUSIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES

Durante todo o curso

Ata o de agora publicamos os artigos relacionados coa biblioteca nun apartado dentro da páxina web do colexio, a nosa intención é *crear un novo blog* que sexa máis dinámico e completo. Darlle publicidade e vinculalo coa páxina do colexio.

Colocar nos diversos taboleiros de anuncios da biblioteca publicidade de actividades e de novidades.

Dar a coñecer o apartado de producións propias e animar a profesores e alumnos a que incrementen os fondos.

Dar a coñecer as novas adquisicións, logo de rexistrar os novos fondos colocalos un tempo no moble expositor correspondente. Colocación de carteis que anuncien as novidades.

Publicar boletíns periódicos que conteñan recomendacións de libros entorno a un determinado tema.

Recordar a existencia dun buzón de suxerencias e animar a usalo para aportar ideas sobre a compra de fondos, a mellora do mobiliario, o funcionamento, organización de actividades.

Comunicar á asociación de nais e pais as actividades realizadas e proxectadas para que lle dean publicidade a través do seu blog e das súas publicacións.

En apartados anteriores xa se mencionaron as sesións de formación de usuarios para dar a coñecer as posibilidades que nos ofrece o proxecto MEIGA.

POTENCIACIÓN DO USO DAS TIC

Recopilamos neste apartado as actuacións da biblioteca en canto á potenciación do uso das TIC porque cremos que a escola non pode estar allea ao mundo no que se desenvolve e no momento actual non hai ningunha actividade persoal ou profesional que non requira dun adecuado uso destas ferramentas. O noso obxectivo é o de acercar ao alumnado a unha tecnoloxía que vai máis alá dos xogos e das relacións sociais, e lle permite acceder a unha gran cantidade de información que debe asimilar e pode transmitir aos demais. Propollémonos actuar en tres aspectos: formación de usuarios, educación documental e uso responsable da rede, a través das seguintes actividades:

- Realizar, unha vez por trimestre, actividades de formación de usuarios, nas que se trate a busca de información e a avaliación de páxinas web, o tratamento e reelaboración da información e a forma de citar as fontes de recollida.
- Concienciar ao alumnado sobre a necesidade de protexer os datos persoais e dunha navegación segura en internet analizando as situacións posibles coa axuda de audiovisuais, conferencias de expertos, páxinas web e libros sobre esta temática.
- Colocación, no rincón de ordenadores, de carteis que recorden e reforcen o exposto nas sesións de formación.
- Crear espazos específicos no blog que lles permitan acceder de forma autónoma aos contidos traballados.
- Ofrecer ao alumnado a través do apartado correspondente do blog un listado de páxinas de interés pedagógico en internet, que se engadirán no apartado de favoritos dos navegadores que eles usan.

- Orientar ao alumnado que acude á biblioteca en busca de información e documentación, tanto no momento da busca coma cando necesita expoñer e comunicar o aprendido.
- Crear o blog da biblioteca cun aspecto agradable e con contidos que resulten interesantes para que, despois de ser presentado, o visite con frecuencia toda a comunidade educativa.
- Ofrecer a alumnado e profesorado información de lugares de interés onde pode atopar información acerca dos temas que se están a traballar nas aulas.
- Asesorar e axudar a profesorado e alumnado no uso de programas informáticos que lles permiten a presentación de traballos dun xeito atractivo e eficaz.

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

Todos diferentes, todos iguais

Son varias as razóns que nos levan a plantexar este PDI sobre diversidade e convivencia:

- O número elevado de alumnos e profesores que hai no centro.
- A diversidade da procedencia do alumnado, maior cada ano.
- O gran número de alumnos con necesidades educativas especiais, altas capacidades, dificultades específicas de aprendizaxe.
- A sensibilización por parte da comunidade educativa acerca da atención á diversidade que se reflicte en diversas actividades desenvolvidas ao longo deste curso no noso centro, entre outras as I Xornadas de sensibilización e atención á diversidade que congregaron a un numeroso grupo de expertos, profesores e pais.

A intención deste PDI é a de profundizar no coñecemento da diversidade que amosa a nosa comunidade educativa, coa idea de que é máis fácil chegar a unha boa convivencia se nos coñecemos mellor e somos capaces de colocarnos no lugar do outro, debemos ter en conta que o descoñecemento dos demais leva á desconfianza e ao rexeitamento. Recoñecer o que nos diferencia e o que nos iguala lévanos a valorar positivamente o feito de que todos somos diferentes, pero todos cos mesmos dereitos.

Este proxecto implica a todo centro, vertebrado nos diferentes equipos docentes: ciclos, orientación, TIC, dinamización da lingua, actividades extraescolares e complementarias, **coordinados dende a biblioteca.**

OBXECTIVOS

- Utilizar a biblioteca coma centro de recursos para achegarnos a unha adecuada competencia informacional, traballando a recollida e o tratamento da información, e a elaboración e presentación do aprendido.

- Fomentar unha adecuada convivencia entre os membros da comunidade educativa, fin último do Plan de Convivencia do centro.
- Traballar as competencias básicas dentro dun tema que lles resulta motivador:
 - Competencia en comunicación lingüística.
 - Competencia matemática.
 - Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
 - Tratamento da información e competencia dixital.
 - Competencia social e cidadá.
 - Competencia cultural e artística.
 - Competencia para aprender a aprender.
 - Autonomía e iniciativa persoal.

TEMPORALIZACIÓN

Este é un proxecto pensado para desenvolver ao longo de varios cursos; no primeiro curso centraremos a nosa atención na análise da realidade concreta do noso centro, no estudo dos diversos países de procedencia do alumnado e das familias das que forman parte.

No 1º trimestre a tarefa será analizar a realidade do centro, articulando as diferenzas e as semellanzas en diversos aspectos: físico, de carácter e gustos, de lugar de procedencia, de estilos de aprendizaxe.

O alumnado de infantil fixarase no aspecto físico externo, os do 1º ciclo acercaranse aos caracteres e as preferencias de xogos e actividades de tempo libre, os do 2º ciclo estudarán de que países procede o alumnado do colexio e se viven en zonas urbanas ou rurais, os do 3º ciclo investigarán sobre os estilos de aprendizaxe: que materias son as preferidas, como estudan, as dificultades que atopan á hora de aprender.

O resultado deste estudo indicaranos que temas interesan especialmente ao alumnado e marcará as pautas de traballo nos cursos seguintes.

A celebración do Nadal e do Entroido servirannos como elemento motivador para investigar como se celebran estas festas nos países dos que procedemos, cales son as comidas típicas, os costumes, os días relevantes, as músicas; intentando relacionar a tradición coa situación xeográfica, o clima e a relixión.

Finalmente, no terceiro trimestre, serán os diversos tipos de familias o obxectivo do estudo, dende o puntos de vista histórico, antropológico e social.

METODOLOXÍA

— Motivación.

Visionado de películas, lectura de libros, conferencias, entrevistas que esperten a curiosidade dos rapaces pola investigación e busca de documentación.

— Elaboración dun guión.

Servirá para reflexar os puntos de interés e atención que guiarán o traballo de busca e elaboración da información.

— Busca de información.

De xeito individual, por parellas e/ou por tríos buscarán información sobre os puntos acordados na elaboración do guión. Esta busca estará asesorada e guiada polo profesor correspondente e o equipo de biblioteca e realizarase a través de internet, de enciclopedias, libros temáticos, observación directa, asesoramento de expertos.

— Reelaboración e presentación da información.

Por grupos, elaborarán audiovisuais, murais, gráficos e informes que servirán para comunicar aos outros ciclos o aprendido.

INTERVENCIÓN DA BIBLIOTECA

A biblioteca estará presente en cada unha das fases do proxecto:

1. Motivación: procurar materiais en diversos soportes (libros, vídeos, páxinas web, prensa, revistas), contactar con especialistas que nos poidan visitar para falarnos dos temas que nos interesan, planificar de horarios.
2. Busca e tratamento da información: proporcionar os materiais, en diversos soportes, adecuados á idade do alumnado e aos centros de interés reflectidos nos guións de traballo, organizar visitas de especialistas, elaborar fichas-guía, asesorar a profesorado e alumnado.
3. Elaboración e presentación dos resultados: axudar e asesorar na elaboración de murais, gráficos, audiovisuais; organizar horarios e tempos de realización, publicar os traballos no blog.

A estas tarefas debemos engadir as propias de formación de usuarios, de alfabetización informacional e de fomento do uso das TIC que xa apuntamos nos epígrafes correspondentes.

A intervención do equipo da biblioteca será a través de propostas e actividades máis ou menos pechadas en función do estilo de traballo de cada grupo e procurará adaptarse ás necesidades de cada un, atendendo á diversidade de estilos de traballo de profesores e alumnos.

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Analizaremos os resultados establecendo un proceso de autoavaliación que nos leve a coñecer mellor o estado da biblioteca e nos sirva como base para futuras intervencións. Ademais do equipo responsable da biblioteca participarán o equipo directivo, os restantes equipos pedagóxicos, pais e alumnos.

Serviranos de guía a publicación *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Ferramenta de autoavaliación. Preguntas e indicadores para mellorar a biblioteca*, que recentemente puxo á nosa disposición a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para recabar datos e impresións contaremos coas achegas de toda a comunidade educativa, que mediante enquisas e informes valorará o funcionamento e o grao de mellora da biblioteca, centrándonos especialmente os seguintes aspectos:

- Integración no centro.

Revisión exhaustiva dos documentos fundamentais de xestión e política curricular do centro para analizar a presenza da biblioteca neles.

Enquisa dirixida ao equipo directivo e aos coordinadores dos diversos equipos pedagóxicos na que se recolla información sobre as reunións nas que a biblioteca formou parte das súas deliberacións.

Enquisa dirixida aos pais para saber o grao de coñecemento que teñen as familias sobre a biblioteca e o labor desenvolvido.

- Apoio ao curriculum.

Enquisa entre profesorado e familias que reflecta as súas observacións sobre o grao de interese do alumnado polos diversos tipos de lectura e os cambios experimentados neste aspecto.

Enquisa entre o profesorado acerca do grao de cumprimento das expectativas expresadas con anterioridade respecto da utilidade da biblioteca para o traballo docente, así coma a incidencia que tiveron nas competencias básicas as actividades organizadas. Aportación de novas suxestións para unha posible mellora.

Enquisa entre as familias sobre a utilidade da biblioteca para o traballo escolar dos seus fillos. Aportación de novas suxestións para unha posible mellora.

Enquisa entre o alumnado, que deberá responder ás preguntas:

Que é a biblioteca do colexio para ti? / Que queres que sexa?

Informe elaborado polo equipo responsable da biblioteca sobre que actividades se realizaron e cales non. Tamén expresará as dificultades que se presentaron e os resultados obtidos en cada unha delas.

HORARIO PREVISTO PARA O CURSO 2012/2013

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:15 (Hora de ler)	M ^a Carmen B.	M ^a Luisa M.	M ^a Carmen B.	M ^a José Igl.	María Pena
9:15 – 10:05	M ^a Carmen B.	M ^a Luisa M.	M ^a Carmen B.	M ^a José Igl.	María Pena
10:05 -10:55	Serafín C	M ^a Luisa M.	M ^a Carmen B.	M ^a José Igl.	María Pena
10:55 -11:45	Pilar V.	M ^a Carmen B.	M ^a Luisa M.	M ^a Carmen B. M ^a Luisa M.	M ^a José Igl.
11:45 -12:20 Recreo	Faranse quendas de dúas persoas entre o equipo de biblioteca.				
12:20 -13:10	Enriqueta G.	María Pena Pilar V.	Enriqueta G. Pilar V.	Enriqueta G.	M ^a Carmen B. Serafín C.
13:10 -14:00	M ^a José Igl.	Pilar V. María Pena	Serafín C.	Enriqueta G.	M ^a Carmen B. Serafín C.